

TESE ORGANIZATIVA EMENDAS VIVAS

3. En todo o texto VIVA UMIA

Cambiar o termo asemblea local por asemblea de base

TRANSAÇÃO, SÓ ONDE PROCEDA

7. Linha 13. Engádega. VIVA QUITILLÁN

Anova irmandade nacionalista debe de contar cunha estrutura organizativa adaptada ao modelo de división territorial da Galiza.

Nazón, Comarcas e Freguesías. Damos por suposto que nésta organización non apostamos polo modelo provincial, que conleva as deputacións, e incluso os concellos supoñen autenticos chiringuitos que fomentan a insolidariedade cos localismos.

Para unha organización que fomente a horizontalidade, a solidariedade, a optimización dos recursos, o deseño de programas de emprego, de desenvolvemento económico e social, a comarca é a ferramenta máis axeitada para este País, ademais de contar co recoñecemento popular.

Por elo, anova debe de adaptarse a formula anterior coa pretensión de que se constitúan agrupacións nas freguesías, no eido local, con plena autonomía asemblearia no seu funcionamento, contando cunha coordinadora comarcal non executiva, que non interfira no anterior e que sí actúe nos aspectos de coordinación e apoio nas postas en común, e, sobor de todo nos casos onde non existe un número de afiliados/as que permita ese desenvolvemento.

NON SE ACEITA. XA RECOLLIDO DOUTRO XEITO NO ARTICULADO.

12. Linha 30. VIVA FEDZ CALVIÑO

Substituír o punto 1 por: "Asembleas soberanas no seu ámbito comarcal e que se confederan con vocación de permanencia para ser un actor político nacional. Entendese por comarcas as recollidas no Mapa Comarcal de Galiza ou a unión delas. Para poder formar unha comarca esta deberá ter un número mínimo de doce afiliados."

NON SE ACEITA. MODIFICA PRINCIPIO FUNDACIONAL E A TEMÁTICA ESTÁ CONTEMPLADA NOUTRAS PARTES DOS ESTATUTOS.

13. Linha 30.Engádega. VIVA QUINTILLÁN

A continuación de.....no seu ámbito local.... Engadir, e comarcal.

NON SE ACEITA. AQUÍ LOCAL FAI REFERENCIA AO ÁMBITO TERRITORIAL XENÉRICO.

15. Linha 36. VIVA CRISTINA

Propoño suprimir dende "elección" até "será aberta". Suprímese "que se tentará facer en primeira instancia por consenso"

NON SE ACEITA. O CONSENSO É UN DOS FUNDAMENTOS DA CONSTITUCIÓN DE ANOVA. A ESCOLLA PARA ESTA AN FARÁSE NO REGULAMENTO.

16. Linha 36 VIVA UMIA

Nova redacción do punto 4.- Os órganos nacionais estarán sometidos a revogabilidade e a elección será aberta á presentación de calquera militante.

NON SE ACEITA. PRESCINDE DA CARACTERIZACIÓN DOS TIPOS DE LISTAS FUNDACIONAIS.

A ESCOLLA PARA ESTA AN FARÁSE NO REGULAMENTO.

18. Linhas 36-38.Substitución VIVA MARIÑA

Descrición: SUBSTITUÍR o punto 4 (liñas 36-38 da páxina 1)

Texto: O punto 4 quedará redactado:

"Os órganos nacionais estarán sometidos a revogabilidade e a elección, que será aberta á presentación individual de calquera militante mediante un sistema de listas abertas, candidatados única e exclusivamente a título individual"

**NON SE ACEITA. PRESCINDE DUN DOS SISTEMAS POSÍBEIS
A ESCOLLA PARA ESTA AN FARÁSE NO REGULAMENTO.**

19. Linhas 36, 37 e 38. Substitución VIVA QUITILLAN

Os órganos de dirección en calquera ámbito, serán produto dunha elección mediante listas abertas. A súa revogabilidade virá precedida dunha proposta tanto individual como colectiva que conte co respaldo dos 2/3 da afiliación no eido territorial correspondente.

NON SE ACEITA. PRESCINDE DUN SISTEMA FUNDACIONAL E ENTRA EN REGULAMENTACIÓN

19. Linha 38 modificar. VIVA ANTON FENTE

O seguinte texto: "proporcional puro onde non sexa necesario cubrir todos os postos dun órgano, mais tan só o seu 10%. Poderán presentarse e votar todas e todos os militantes que teñan os seus deberes ao día coa organización".

NON SE ACEITA. PRESCINDE DUN DOS SISTEMAS FUNDACIONAIS E É UNHA REGULAMENTACIÓN. PROPÓN SUPRIMIR LISTAS ABERTAS

20. Linha39.Engádega. VIVA MARGA PRIETO

No apartado 5 dos Principios Organizativos que di:

5.- Os órganos de dirección/coordinación en calquera ámbito non poden ter unha participación de calquera dos xénros superior ao 60% ENGADIR .Deixándose vacantes as prazas que impliquen alteración da citada porcentaxe. Os órganos de dirección/coordinación serán os encargados de articular as medidas necesarias para cumprir as porcentaxes, de xeito que unha vez constituídos se realicen os axustes pertinentes no prazo de 1 mes.

NON SE ACEITA. DEBE CONSIDERARSE UNHA REGULAMENTACIÓN NA QUE É UNHA POSIBILIDADE PERO PODE HABER OUTRAS.

23. Linha 39-40. Substitución. VIVA DOBAO, XURXO, BALADO, RODRÍGUEZ, DO PICO, CASAIS E XIANA

Descrición: Substituírase o punto 5 (liñas 39 e 40) polo texto proposto.

Texto: 5. Os órganos de dirección/coordinación en calquera ámbito terán unha participación dun mínimo do 40% de mulleres.

NON SE ACEITA. É MAIS AXUSTADA A REDACCIÓN ACTUAL E TRANSACIONADA NA 21

24. Linha 39-40. Substitución. VIVA REDONDELA

Descrición: Substitución de todo o punto 5. Faise preciso o uso dunha linguaxe correcta (sexos non é igual a xéneros) e garantir que se cumpran os principios políticos e organizativos que definen a Anova-IN

Texto: Os órganos de dirección/xestión en calquera ámbito terán unha representación de mulleres e homes o máis paritaria posible, nunca nunha proporción inferior ao 40% para ningún deles. Anova-IN adoptará as medidas correctoras precisas para garantir esta tendencia á paridade.

ACEITARSE. TER EN CONTA TAMÉN AS OUTRAS SOBRE ISTO ACEITADAS. REQUIRE OS 2/3

25. Linha 42 engadir. VIVA ANTON FENTE ???

“como garante de que os piares de Anova-Irmandade Nacionalista responden a un amplo consenso de toda a súa militancia”.

ACEITASE. MODIFICA PRINCIPIO REQUIRE OS 2/3

27. Linha 48. Engádega.VIVA DE LA CALLE

“Isto é: porque somos nacionalistas, mais tamén porque nos consideramos “irmáns” e consagramos os principios de liberdade, igualdade e fraternidade que caracterizan os valores republicanos. Tamén porque somos unha organización de “novo cuño”, cuxa novidade radica non só na súa recente creación e forte impacto, senón en que verdadeiramente as súas formas e praxe política pretenden ser autenticamente novas e

non responder á concepción clásica de “partido tradicional”, senón á de “partido-movemento”, baseado na horizontalidade, na participación e na democracia radical e directa, en constante diálogo e acompañamento á sociedade civil e os movementos sociais, e non na súa dirección nin tutela”.

NON SE ACEITA. ENTRA EN ASUNTOS DE DEFINICIÓN QUE VAN NA TESE POLÍTICA

29. Linha 55. Substituír. VIVA FDZ CALVIÑO

“de base” por “comarca”

NON SE ACEITA. CONTRARIA AO PROPOSTO NESTA TESES.

30. Linha 55. Substituír. VIVA ANTON FENTE ???

"assemblea de base" por "assemblea local" ao ser esta a assemblea de base por excelencia de Anova e non excluindo isto que podan existir assembleas comarcais ou doutro teor.

ACEITASE . A MAIORES LOCAL PODE SER ENTENDIDO NO SENTIDO DE ÁMBITO.

33. Linha 58: Substituír VIVA FEDZ CALVIÑO

“local” por “comarcal”

NON SE ACEITA. CONTRARIA AO PROPOSTO NESTA TESE.

36. Linhas 58-59. Substitución. VIVA QUITILLÁN

As persoas afiliadas integraranse na assemblea local donde teña a residencia. No caso de non contar co número que permita a súa operatividade, serán respaldadas dende a estrutura comarcal.

NON SE ACEITA. FICA SEN ASEMBLEA E NON SE SABE O QUE É RESPALDAR.

37. Linhas 59-60. Engádegas. VIVA GARCIA CACHEIRO

A engadir na páxina 2, no Artigo 1 entre as liñas 59 e 60.

“No caso das persoas afiliadas residentes no exterior (AMERICA, EUROPA, ESTADO ESPAÑOL...), e sempre que existise esa posibilidade, poderán organizarse en assembleas locais ou comarcais.

De existiren dificultades de tipo loxístico, mobilidade, espacial ou incluso xeográficas que imposibiliten a organización en assembleas locais o comarcais, crearase dende a coordinadora nacional de ANOVA, unha comisión da diáspora/emigración que integre a tod@s aquel@s afilad@s residentes no exterior. A pretensión é a de facilitar a comunicación e integración das persoas afiliadas dispersas noutros territorios, en aras a poder conformar assembleas locais ou comarcais. Tamén é importante con esta medida poder facilitar a participación na acción política da organización.

Nos actuais tempos, un instrumento necesario e útil para facilitar a participación das persoas afiliadas que se atopan no exterior, son os medios telemáticos e internet.

NON SE ACEITA. PODE RECOLLERSE COMO UNHA INSTRUCIÓN PARA O TRABALLO POLÍTICO.

40. Linhas. 63 e 64. Substitución. VIVA QUITILLÁN

Aquelas solicitudes de alta de residentes en localidades sen assemblea constituída tramitaranse pola estrutura comarcal diante da nacional.

NON SE ACEITA.

41. Linha 64. Substitución. VIVA DE LA CALLE

“a assemblea local máis próxima, ou directamente a través da Coordinadora Nacional”.

TRANSACIÓN XUNTO COA Nº 39

42. Linha 80. Engádegas. VIVA DE LA CALLE

“E información puntual e rigorosa antes que ningunha outra instancia -incluídos medios de comunicación- sobre os acordos maioritarios dos distintos órganos.

NON SE ACEITA.

43. Linha 81. Modificación. VIVA DE LA CALLE

Teño dúbidas respecto ao punto "h" do artigo 2 (liña 81). **Creo que sería convinte especificar mais en que casos.**

NON SE ACEITA. NON PROPÓN TEXTO.

43. Linha 85. Substitución. VIVA DE LA CALLE

“Banco de Actas e do Censo respectivamente”. SUBSTITUCIÓN de “Censo e do Banco de Actas”, é unha simple gralla.

ACEITASE. É UNHA GRALLA

44. Linha 98. Engàdega. VIVA REDONDELA

Descrición: Afiliación de Anova Galiza. Unha organización política de adscripción individual, incompatíbel coa pertenza a outras organizacións políticas

Texto:e. *Promover que a afiliación de Anova Irmandade Galiza reforce a súa adscripción individual ao facela incompatíbel coa existencia dentro da organización de afiliadas/os doutras forzas políticas (dupla militancia).*

Na busca de reforzar a organización interna de Anova Irmandade Nacionalista, cómpre avanzarmos no significado do carácter individual da afiliación á nosa organización política. Para o funcionamento dunhas asembleas de afiliadas/os que responda aos principios de igualdade, onde todas/os podan participar individualmente, cómpre evitarmos a existencia dunha dupla militancia dentro da nosa organización política. A busca dun novo modelo de participación política, que abandone o funcionamento dos partidos tradicionais e que tente inserirse nos movementos sociais esixe a superación de vellas fórmulas partidistas ou frontistas. Deste xeito, a militancia en Anova Irmandade Nacionalista debe ser incompatíbel coa pertenza a outras organizacións políticas, que poden, na práctica, condicionar a liberdade e a igualdade entre as persoas, e mesmo, ás veces ter obxectivos e visións contraditorias entre si. Cómpre, do mesmo xeito, superar funcionamentos que serían propios máis ben dun modelo organizativo de coalicións políticas, onde os partidos existentes dentro do mesmo espazo organizativo político podan actuar e decidir principios políticos e organizativos á marxe do ámbito propio da nosa organización, as diferentes asembleas (locais, comarcais, etc.) de Anova Irmandade Nacionalista.

NON SE ACEITA. ESTE TEMA TRANSACIONASE COAS 5, 6 e 10.

VAI DE AFILIACIÓN INDIVIDUAL UNICA XA TRATADO NOUTRAS EMENDAS ACEITADAS Nº 5, 6 E 10

46. Linhas 98-105. Substitución. VIVA QUITILLÁN

Anova empregará exclusivamente a lingua galega en relación con totalas actividades que desenvolva e os comunicados que emita.

En canto aos comunicados dirixidos a organismos e medios de outros países, os mesmos utilizarán a lingua galega máis a tradución a lingua deles.

NON SE ACEITA

47. Liña 99. Engàdega. VIVA MEILAN SERRANO

... exclusivamente a lingua galega, *en calquera das súas ortografías cando sexa por escrito*, agás para aquelas ...

NON SE ACEITA AQUÍ

50. Linha 104. Engàdega VIVA IOLANDA

Figura do +”/a” simpatizante.

NON SE ACEITA. ESIXENCIA DE MÁIS PARA UN SIMPATIZANTE QUE SE ACHEGA A ANOVA.

51. Liñas104-105. Supresión. VIVA DE LA CALLE

Suprimir o texto “Así mesmo, na súa vida cotía, afiliadas e afiliados deberán facer o maior esforzo pola normalización do uso da lingua galega”

Explicación: non somos nenos...

NON SE ACEITA. O SENTIDO DO OBVIO

53. Linha 129. Substitución VIVA MARIÑA ACEITADA

Texto proposto

2. Terán posibilidade de participar en todo aquilo que non estea reservado á afiliación nas condicións que establezan para cada convocatoria.

ACEITASE

SOBRE A ESTRUCTURA TERRITORIAL.

TUDO O RELATIVO Á ASEMBLEA DE BASE LOCAL VAI RECOLLIDO NUN TEXTO REFUNDIDO QUE SE PROPÓN

54. Linha 137. Engádega. VIVA UMIA

Descrición: ENGADIR como texto introdutorio do capítulo na liña 137:

O texto comprendido entre as liñas 440 e 452

NON SE ACEITA.

O CARÁCTER DAS ASEMBLEAS LOCAL ESTÁ ABONDO DEFINIDO CON ELASTICIDADE, PERO. SOMOS UNHA ORGANIZACIÓN POLÍTICA E HAI UNS MÍNIMO DE HOMOXENEIDADE QUE ASUMIRON AS MESMAS DENDE O 14 DE XULLO NA QUE SE CREA UN ENTE NACIONAL

55. Linha 142. Engádega. VIVA MEILAN SERRANO

Enmenda 1

Anova fará un esforzo prioritario por asentar a súa estrutura organizativa nas comarcas de lingua galega das comunidades autónomas de Asturias e Castela e León.

NON SE ACEITA. ESTÁ SUBSUMIDO NO ART 5º

56. Linha 144. Substitución. VIVA UMIA

Cambiar “local , comarcal , nacional e a diáspora” por “de base , nacional e a diáspora”.

TRANSACTIONASE POR

“...local, nacional e a diáspora”

58. Modificación do artigo 6: VIVA ANTON FENTE ???

Artigo 6.- Anova Irmandade Nacionalista organízase territorialmente en tres grandes ámbitos: nacional, local e diáspora. Por local enténdese aquelas asembleas de base, de ámbito fundamentalmente municipal, mais que poden integrar persoas de concellos limítrofes que non teñan asemblea propia ou grupos de traballo territoriais de ámbito parroquial ou de barrio. Será posíbel, asemade, establecer coordinacións supramunicipais ou grupos de traballo comarcais para cuestións concretas, mais sen capacidade decisoria.

TRANSAÇÃO NO NOVO TEXTO PARA O ART 6

60. Liñas 145 e 146: VIVA FEDZ CALVIÑO

Eliminar frase: “Por local (...)”

ACEITASE

61. Liña 147: Substituír VIVA FEDZ CALVIÑO

“local” por “comarcal”

NON SE ACEITA

62. Liña 149. Substituír VIVA FEDZ CALVIÑO

“locais” por “comarcais”

NON SE ACEITA

63. Na liña 149 : VIVA UMIA

Cambiar “pero” por “e con ou sen”.

NON SE ACEITA

65. Na liña 152: Nova redacción VIVA UMIA

“Por de base entendese aquelas asembleas que funcionen como unha unidade no traballo diario e que teñan vocación de ser a referencia do traballo no territorio que ocupan”.

NON SE ACEITA.

66. Liñas 152 a 154. Eliminación VIVA MARIÑA

NON SE ACEITA

67. Liñas 152 a 154. Substituír VIVA FEDZ CALVIÑO

o punto 1 por: “As Asembleas comarcais serán os máximos órganos de debate e toma de decisións entre dúas Asembleas nacionais”

NON SE ACEITA.

70. Liña 157. Substitución. VIVA DOBAO, XURXO, BALADO, RODRÍGUEZ, DO PICO, CASAIS E XIANA

Substituír “nomearán” por “poderán nomear

NON SE ACEITA.

PARA FUNCIONAR TEN QUE HABER ORGANOS EXECUTORES DO DECIDIDO POLAS SEMBLEAS

71. Linhas 157-158. Substitución. VIVA MARIÑA

Texto proposto

3. As asembleas locais e comarcais deseñarán o seu funcionamento e órganos de xestión e representación.

NON SE ACEITA. É NECESARIA UNHA MÍNIMA HOMOLOGACIÓN PARA RELACIONARSE.

74. Liña 157, 159 e 160: Substituír VIVA FDEZ CALVIÑO

“local” por “comarcal”

NON SE ACEITA. A COORDINACIÓN COMARCAL NON REQUIRE ISO E NON PODE SUBSTITUIR Á LOCAL

75. Liña 158. Engádega VIVA DE LA CALLE

Propoño engadir “democraticamente” despois de “designará”, ou ben suprimir o punto 3.

NON SE ACEITA. NON HAI OUTRO MODO QUE NON SEXA ESE NOS TEXTOS DE ANOVA .

76. Liña 159. Engádega VIVA DE LA CALLE

Propoño engadir “democraticamente” despois de “criar”, ou ben suprimir o punto 4.

NON SE ACEITA. NON HAI OUTRO MODO QUE NON SEXA ESE NOS TEXTOS DE ANOVA .

80. Liña 162: Engadir VIVA FEDZ CALVIÑO

o punto 4 Bis: “Local enténdense aquelas asembleas de ámbito municipal. Poderán ser creadas pola asemblea local agrupacións menores de carácter parroquial ou de barrio que terán carácter de grupo de traballo”.

ESTÁ INCLUIDO NOUTRO SITIO DO MESMO ART 6º. TRANSACIONASE O LUGAR

81. Liña 164-166. Eliminación VIVA DOBAO, XURXO, BALADO, RODRÍGUEZ, DO PICO, CASAIS E XIANA

Descrición: Contradí o artigo 9, no que se establece que serán as coordinadoras o órgano coordinador e executor do seu respectivo nivel asembleas. No artigo 6, liña 144, xa se especifica que os ámbitos son local, comarcal, nacional e diáspora, polo que en todos estes niveis, poderán establecerse coordinadoras, e será a afiliación da asemblea de referencia quen determine o número de persoas que a compoñen e os seus cometidos concretos.

Texto: Proponse a supresión xa que non está acorde co resto do regulamento (contradí o propio artigo 6 e o 9)

NON SE ACEITA.

NON CONTRADÍ PORQUE SE TRATA DUNHA COORDINACIÓN PARA OS NÍVEIS QUE SE DEFINAN. AGORA LOCAL, NACIONAL E A DIÁSPORA.

82. Liña 166. Engádega VIVA DE LA CALLE

Engado un punto ao artigo 6, na liña 4.166:

Convocaranse asembleas non só cando a Coordinadora Local o estime conveniente para as cuestións que considere relevantes, senón cando un grupo de xente, cuxo número se debaterá en asemblea nacional, pida convocala. Só así se garantirá a representación e participación das minorías. Asimesmo, cando haxa unha maioría que demande convocar asemblea para decidir sobre cuestións competentes do seu ámbito local, procederase a convocar no máis breve prazo posible e dentro das posibilidades da Coordinadora. No caso de que non se faga e denuncie unha soa persoa, mediará a Comisión Ética e de Garantías.

NON SE ACEITA.

AS ASEMBLEAS PODEN CONVOCALAS O NÚMERO DE MILITANTES QUE SE FIXE NO SEU REGULAMENTO.

E un artigo 7 despois desta:

As decisións da asemblea tomaranse, previo o necesario debate e contraste de ideas, nos que todos e todas, afiliado/as e simpatizantes, poderán tomar parte, mediante sufraxio directo dos/das afiliados/as, a man alzada ou por escrito e secreto cando alguén o demandara, e por maioría. Tenderase sempre a buscar o consenso, no seu defecto unha ampla maioría, e se non se pode ningún destes, unha maioría simple, sempre tratando de conciliar e buscar unha solución para todos e todas. O dereito a voz e voto exercerase sempre que o demande unha soa persoa. O que significa que na práctica non se poderá manipular a asemblea mediante o discurso hexemónico, senón que se aplicará o dereito a decidir sempre que o pida unha soa persoa.

NON SE ACEITA.

O SUFRAXIO UNIVERSAL E LIBRE DESPRÉNDESE XA DE TODOS OS TEXTOS.

E un artigo 8:

Buscarase afondar na cultura asemblearia e para iso estimularase o debate, a participación e a convocatoria de asembleas sempre que sexa operativo e relevante. Para iso facilitaranse tamén manuais de praxe asemblearia, para entre todas e todos aprender máis na nova cultura política.

NON SE ACEITA.

ESTÁ MELLOR NOS PRINCIPIO ÉTICO POLÍTICOS

83. Liña 167: Engadir VIVA FEDZ CALVIÑO

o punto 6 Bis: “As Asembleas locais serán soberanas á hora de elaborar as listas para as eleccións locais sempre e cando os candidatos respecten os principios ético-políticos da organización”.

TRANSACIÓN O LUGAR. NO DOS CANDIDATOS/AS.

84. Liña 167: Engadir VIVA FEDZ CALVIÑO

o punto 6 Tris: “Para a elección dos candidatos en eleccións onde a circunscrición electoral sexa a provincia convocarase por parte dos coordinadores comarcais unha asemblea extraordinaria de carácter provincial”.

NON SE ACEITA.

FALA DE ÁMBITOS PROVINCIAL E COMARCAL QUE NON EXISTEN.

85. Liña 167: Engadir VIVA REDONDELA

Descrición: Engadir un punto 7 que recolla a práctica efectiva dos principios de paridade que defende Anova-IN.

Texto: As asembleas locais comprometeranse a traballar por lograr un número paritario de mulleres e homes militantes.

NON SE ACEITA AQUÍ.. XA ESTÁ COMO PRINCIPIO PARA TODO O QUE FAGA ANOVA

TEXTO PARA RECOLLER TODO O QUE SE ENGADE, SUPRIME OU TRANSACIONA QUEDANDO A PROPOSTA DE ART 6º COMO SEGUE

Artigo 6.- ANOVA organízase territorialmente en tres grandes ámbitos: local, nacional e a diáspora.

1. *Por local enténdese aquelas asembleas de base de ámbito municipal. As agrupacións menores, parroquial ou de barrio, co carácter de grupo de traballo serán criadas pola Asemblea Local correspondente.*
2. *Cada asemblea é autónoma para regular a súa xestión e funcionamento, independentemente, salvo o previsto nesta regulamentación dos estatutos xa sexan orientativas ou vinculantes.*
3. *As asembleas nomearán unha Coordinadora Local que como mínimo de entre os seus membros designará unha persoa para exercer de Portavoz e outra para Coordinación.*
4. *Poderase criar unha Permanente Local cando o desenvolvemento organizativo dunha Asemblea Local así o aconselle. Será a comisión encargada de realizar o traballo de intendencia da asemblea local.*
5. *As asembleas locais poderán conxuntamente convocar puntualmente á militancia do ámbito comarcal para cuestións e consultas que afecten a ese ámbito.*
6. *Para a coordinación desas cuestións poderase establecer unha Comisión de Coordinación Comarcal integrado por persoas designadas a tal efecto por cada asemblea constituída.*

86. Linha 170. Substitución VIVA DE LA CALLE

Substituír 35% por 33%. Na práctica supón 25 membros da Coordinadora Nacional, número redondo.

NON SE ACEITA, SO FUNCIONA PARA A COORDINADORA E SEMPRE QUE NON CAMBIE DE NÚMERO

SOBRE A COORDINADORA NACIONAL

88. Artigo 8: Nova redacción. VIVA UMIA

Coordinadora Nacional . Como órgano colexiado con funcións de dirección política no período interasambleario elixidas directamente na Asemblea Nacional mediante un sistema proporcional puro e listas abertas; en numero de 40 persoas , 20 homes e 20 mulleres ; que serán propostas polas asembleas de base de forma 1-3 segundo o numero de militantes destas, para garantir a proporcionalidade.

Eliminar os puntos 3 e 4.

NON SE ACEITA. CONTRARIO AO CARACTER NACIONAL E AO SUFRAXIO UNIVERSAL DEREITO BÁSICO DE TODAS AS PERSOAS DE ANOVA

89. No artigo 8 dos estatutos, supresión VIVA UMIA

dos puntos 3 e 4 e substitución das liñas 181 a 186 por:

A Coordinadora Nacional é o órgano con funcións de dirección política durante os períodos interasambleares. Como o seu nome indica, está composta por representantes das asembleas de base en número proporcional á cantidade de afiliados de cada territorio, mínimo dous e máximo seis, mantendo sempre que for posible a proporcionalidade entre sexos. Esta representación non é de adscrición persoal permanente e pode variar segundo as decisións e necesidades das asembleas de base mais deberana garantir en todo caso.

Para estimular a participación e a horizontalidade, todos os militantes que o desexaren han poder asistir ás Coordinadoras con voz pero sen voto. Do mesmo xeito, a celebración das Coordinadoras Nacionais ha ser itinerante ao longo das sete cidades do país (segundo a orde alfabética) para garantirmos o equilibrio territorial na toma de decisións e estimular a actividade militante en toda a nación. A frecuencia mínima das Coordinadoras Nacionais é de unha ao mes.

Para as funcións executivas, a coordinadora ha empregar comisións específicas que poden ser de carácter permanente ou temporal segundo as tarefas que atinxan. Estas comisións han ser abertas á participación de toda a militancia e non han ter máis competencias que as que lles delegue a coordinadora nacional diante da que en todo caso han responder.

As funcións de voceiros ou voceiras nacionais tampouco han posuír adscrición persoal permanente e, en todo caso, hanse cinxir ao que determine a Coordinadora Nacional.

NON SE ACEITA. PROPÓN UNHA COORDINADORA DE COMPROMISARIOS NON UN ÓRGANO ELEXIDO POR TODOS/AS EN ASSEMBLEA NACIONAL.

95. Ringleira 183 Modificación. VIVA QUITILLÁN

.....Asemblea Nacional en número de 25, complementándose coa representación territorial, a razón de 1 por comarca.

NON SE ACEITA. NON NACIONAL AO 100%

100. Linha 193, artigo 8; modificación do punto 3: VIIVA ANTON FENTE

"Aos militantes elixidos directamente na asemblea nacional engadiranse os representantes comarcais, definidas as comarcas no Plano Comarcal aprobado aos efectos desta integración territorial na Coordinadora Nacional. Estes representantes terán voz, mais non voto para que sexa a asemblea nacional, que é a reunión do corpo militante de Anova en pleno, a que escolla o 100% dos membros con capacidade decisoria neste órgano colexiado".

NON SE ACEITA. A SUPRESION DESTO FOI ACEITADAS NOUTRA EMENDAS

103. Liña 195: Substituír VIVA FEDZ CALVIÑO

o punto 3 por: "As distintas asembleas comarcais enviarán un representante á coordinadora nacional con voz pero sen voto que se encargará da transmisión de información das asembleas comarcais á coordinadora nacional e viceversa".

NON SE ACEITA, FICA RECOLLIDO NA EMENDA Nº 99 PARA UNHA ADICIONAL DE REGULAMENTO DA CN

104. Liña 198: Engadir VIVA FEDZ CALVIÑO

o punto 4 Bis: "As decisións adoptadas pola coordinadora nacional deberán ser ratificadas polas asembleas comarcais. Para ser aprobadas precisárase un voto positivo da maioría dos afiliados que participen nas asembleas comarcais".

NON SE ACEITA. CONDICIONA O CARÁCTER DE MÁXIMO ÓRGANO NACIONAL DA COORDINADORA

105. Liña 198: Engadir VIVA FEDZ CALVIÑO

o punto 4 Tris: "As asembleas comarcais poderán elevar temas de debate á coordinadora nacional que deberá darlle traslado ás outras asembleas comarcais do país".

TRANSACION. FICA RECOLLIDO NA EMENDA Nº 99 PARA UNHA ADICIONAL DE REGULAMENTO DA CN

107. Linha 209 engadir: VIVA ANTON FENTE

"Celebrarase, como mínimo, unha ao ano con carácter formativo e organizada en bloques temáticos de debate"

NON ACEITAR. A PROPIA COORDINADORA VERÁ A TEMÁTICA E A FRECUENCIA QUE PODE SER MAIOR

SOBRE OS GRUPOS DE TRABALLO

TRANSACION DUN TEXTO QUE RECOLLA BEN O DOS GRUPOS E DEIXE A SÚA CONCRECIÓN PARA AS DECISIONS A TODOS OS NÍVEIS . PODENSE CITAR ALGÚNS IMPORTANTES, MOCIDADE, ETC...

112. Ringleiras 212 a 217 Substitución VIVA QUITILLÁN

A organización anova, contará para o desenvolvemento da súa acción política nos ámbitos institucionais e sociais, e asemade como proxección de ideas e propostas, dunha estrutura técnica composta por áreas, subdivididas en comisións e grupos de traballo

NON SE ACEITA O DE ESTRUCTURA TÉCNICA AQUI E ASÍ

121. Linha 229. Engàdegas VIVA DOBAO, XURXO, BALADO, RODRÍGUEZ, DO PICO, CASAIS E XIANA

Descrición: Debaixo da liña 229 engadiranse outras dúas liñas, cada unha con seu grupo de traballo.

Texto: - Cultura e Patrimonio

- Comunicación. Medios de comunicación públicos e alternativos. Relacións cos medios privados tradicionais.

TRANSACIONAR. QUE OS GRUPO SE AUTODEFINAN NA SÚA APROBACIÓN

ATE AQUÍ GRUPOS A TRANSACIONAR

125. Linhas 240. Engádega ACEITAN TRANSACIÓN

Descrición: Inclusión de novo artigo, sobre as sedes da organización

Texto: Anova evitará, na medida do posíbel, crear sedes da organización no sentido clásico, especialmente a nivel nacional. As sedes de Anova, de existir, tenderán a constituírse coma centros sociais –autoxestionados ou con outra forma de xestión non mercantilista– que axuden a dinamizar a nosa sociedade, den cobertura aos movementos sociais, teñan dinámicas socioculturais propias e como consecuencia socialicen parte dos recursos da organización.

TRANSACIÓN SOBRE EVITAR HIPERTROFIA DE INFRAESTRUTURA

SISTEMAS DE LISTAS

NON SE ACEITA NINGUNHA AQUÍ. PROPONSE MANTER OS TEXTOS FUNDACIONAIS. O SISTEMA CONCRETO PARA ESTA ASEMBLEA DEFINIRASE NO REGULAMENTO

126. artigo 11: VIVA CRISTINA

Propoño suprimir dende "será" até "mediantelistas abertas".

127. Ringleira 245, 246 Modificación. VIVA QUITILLÁN

.....representantes dentro da organización será aberta a presentación de calquera militante mediante listas abertas co sistema corrector de entre ún e tres previamente elixidos por comarca.

130. Na liña 246 VIVA UMIA

“ou” por “e”.

132. Linha 250-254. Substitución VIVA MARIÑA

Texto proposto

A elección de toda caste de representantes dentro da organización será, de non existir asentimento, aberta á presentación de calquera militante e cun sistema de listas abertas nas que se introducirán sistemas correctores para evitar o control do órgano e candidaturas pactadas precisamente con vocación hexemónica. Toda persoa afiliada que estea ao día nos seus deberes como tal ten dereito a apresentar a súa candidatura e a participar nas votacións.

CARGOS

135. No artigo 13 engadido de tres novos puntos: VIVA UMIA

4) Cada cargo electo, antes de tomar posesión (acto no que o xuramento ou a promesa será sempre por imperativo legal, en coherencia cos principios constituíntes) asinará a súa propia renuncia e entregaralla á Coordinadora Nacional que a poderá facer efectiva en caso de que o electo contradiga ou actúe de xeito contrario aos principios establecidos.

5) Os nosos representantes institucionais, de recibiren un soldo polas súas funcións políticas, só cobrarán o salario medio, o do concello que for se é un posto municipal e o medio galego de se tratar de calquera outro. O excedente do que perciban hase destinar a calquera axente que contribúa ao benestar social do pobo galego e ao avance na liberación nacional: centros e comedores sociais, asociacións, equipas de normalización... e que en todo caso ha determinar a Coordinadora Nacional.

6) Tamén será obrigatorio para os nosos representantes institucionais o asinado dunha renuncia pública e ante notario de todo privilexio do que puideren ser beneficiarios como representantes públicos unha vez que expirou o seu labor: pensións, complementos, beneficios fiscais, preferencias en servizos públicos..

NON SE ACEITA. PARTE INCLUIRÍASE NA CARTA FINANCEIRA E DO RESTO ABONDA COS

PERSOAL

141. Liña 285: Engadir VIVA FEDZ CALVIÑO

“As bases das probas selectivas deberán ser aprobadas polas asembleas comarcais”.

NON SE ACEITA

LIBERADAS

146. Liña 293[ENGÁDEGA]: VIVA GARRIDO

“Artigo 13-bis.- Da elección das persoas liberadas. Realizarase no seo da Coordinadora Nacional e serán nomeadas por consenso. De non ser posible realizarase unha votación na que será necesaria maioría absoluta, e no caso de non acadarse dita maioría realizarase unha segunda volta na que será suficiente maioría simple. No caso da concorrencia de máis dunha persoa candidata a un mesmo posto, este será asignado á candidatura que teña máis votos. As votacións serán secretas e cada membro da Coordinadora terá un voto.”

Engadir ó final do artigo 13-bis: “Se fose solicitado por dous quintos do número de membros da Coordinadora Nacional, esta elección será consultada á militancia do ámbito correspondente, preferentemente a priori.”

Explicación: Con esta engádega preténdese dar resposta ás inquedanzas de varios militantes da comarca do Salnés – Arousa, e non só, sobre a transparencia e a participación do conxunto da militancia no control da actuación dos órganos de dirección. Control que é o propio da lóxica republicana e necesaria para manter a imaxe de honradez e limpeza que a política e a esquerda precisa.

NON SE ACEITA. ISTO SO SE REFIRE AOS LIBERADOS NACIONAIS

ELECCION DE CARGOS INSTITUCIONAIS ART 13

147. Ringleira 296. Engádega VIVA QUINTILLAN

Os cargos institucionais procederán da súa elección en asembleas con listas abertas segundo o ámbito territorial: local, provincial, nacional, europa....

TRANSAÇÃO. PARA OS CARGOS DESIGNASE PERSOAS. NON HAI LISTAS, COMPÓNENSE LISTAS CON PERSOAS.

“... poderá presentarse calquera persoa que cumpra cos requisitos e serán elixidas polas asembleas do ámbito correspondente nacional ou local”

150. Liñas 302-305. Substitución VIVA MEILAN SERRANO

3- Anova establecerá, con carácter prioritario, os mecanismos e regulamentos precisos para que tanto os cargos electos como os representantes institucionais da organización estean en contacto constante coas asembleas e os movementos sociais, así como para que a proposta e execución de iniciativas institucionais estean condicionadas aos acordos tomados en proceso democrático e participativo pola militancia reunida en asemblea, acatando o mandato desta. Naquelas cuestións para as que non exista un mandato explícito da asemblea, o proceder dos representantes e cargos electos cumprirá fielmente o programa político de Anova.

4- Desde xa, as asembleas terán soberanía directa sobre os representantes, segundo os diferentes niveis territoriais de representatividade e capacidade executiva, así, a reunión de asembleas locais dun concello terá soberanía sobre os representantes municipais, os grupos de asembleas das comarcas dunha provincia sobre os representantes nas deputacións (mentres estas non desaparecen) e sobre os parlamentarios do seu ámbito provincial e, finalmente, a Asemblea Nacional sobre o conxunto de representantes nos parlamentos e nas estruturas de goberno, sexan estas galegas ou internacionais.

5- Os representantes parlamentares estarán en contacto coa militancia, coas súas asembleas,

cos grupos de traballo da organización, cos movementos sociais e coa cidadanía. Anova disporá dun mecanismo de contacto online, en aberto a toda a sociedade, onde os representantes parlamentares realizarán un seguimento do seu actuar parlamentar, dos obxectivos marcados, incluíndo as propostas propias, as da Coordinadora Nacional e os mandatos das Asembleas de Anova, así como dos logros atinxidos, establecendo un cauce de comunicación directa non apenas coa militancia mais coa sociedade en xeral. Anova estudará crear unha área de traballo dedicada ao seguimento da actividade parlamentar para facilitar e monitorizar a transferencia bidireccional entre a sociedade, a base militante e o sector de representantes parlamentares.

6- Anova non permitirá a duplicidade de cargos nos seus representantes institucionais, entrando en aplicación esta medida a partir dos seguintes procesos electorais e sen carácter retroactivo.

TRANSACIONAR E FACER REFERENCIA Á AUTORIDADE DA ASEMBLEA NO SEU ÁMBITO

ENGADIR NA LIÑA 302 “...aplicar o decidido e dar conta...”

COMISIÓN DE GARANTÍAS

CARTA FINANCEIRA

PASAR TODO ISTO Á CARTA FINANCEIRA

156. Liña 331 engadir: VIVA ANTON FENTE

"Disposición adicional cuarta: A partir da II AN o informe de xestión da Coordinadora Nacional saínte anexarase na convocatoria de cada asemblea ordinaria de ámbito nacional para que a militancia teña coñecemento previo do mesmo e para fomentar que na asemblea unicamente se debata e expoña no seu conxunto e en igualdade de condicións".

NON SE ACEITA . O INFORME NON É ENMENDÁBEL, É DEBATÍBEL

158. Liña 332[ENGÁDEGA]: VIVA GARRIDO

Engadir unha disposición adicional referida ós regulamentos de organización e funcionamento das asembleas locais co seguinte texto:

“Dentro da autonomía de cada asemblea local para regular a súa xestión e funcionamento, estas deberán dotarse das seguintes cuestións de mínima Harmonización:

- O seu ámbito competencial será aquel que verse sobre as temáticas que afecten directa ou indirectamente á localidade. Naquelas materias de competencia compartida entre diferentes niveis político – territoriais, as asembleas locais deberán coordinarse co nivel organizativo que corresponda.
- * As asembleas locais poderán ser de carácter ordinario, extraordinario ou extraordinario de urxencia. As ordes do día serán abertas e consensuadas ó inicio de cada xuntanza agás no caso dunha asemblea de carácter extraordinario de urxencia, nas que so se tratarán os puntos previamente fixados. Tenderase a respectar un tempo máximo, previamente marcado, para tratar cada punto da orde do día. Será obrigatorio a toma dunha acta da xuntanza. Poderán asistir ás asembleas locais persoas colaboradoras e simpatizantes, con voz pero sen voto, do xeito que se regule por cada convocatoria. Todas estas cuestións serán recollidas nos Regulamentos de Réxime Interno por cada asemblea local.
- * Cada asemblea local contará cunha coordinadora composta como mínimo por unha área ou responsable de organización, unha área ou responsable de comunicación, unha área ou responsable de finanzas, unha área ou responsable de acción institucional e unha área ou responsable de acción social.”

Explicación: Trátase de darlle unha coherencia organizativa mínima ó ámbito local. Mantense a capacidade de cada asemblea local de autoxestionarse e organizarse, co que se garante a necesaria flexibilidade para que non exista un exceso de burocratización organizativa que motive á militancia e ós simpatizantes a fuxir das asembleas e do partido.

Inténtase concretar a esfera competencial das asembleas locais. Faise dun xeito amplo e ó mesmo xeito garántese a necesaria homoxeneidade política ó ter que se coordinar con outros niveis organizativos en temáticas que afectan pero sobrepasan á localidade.

Coa diferenciación entre os tres tipos de convocatoria das asembleas locais, so se está a reflectir a realidade legal no ámbito municipal. Está pensado para aqueles concellos nos que existe representación institucional de Anova – Irmandade Nacionalista. Vivimos nesta realidade político – xurídica. Se ben é certo que a queremos trascender, tamén o é que se debe facer cun pe dentro das institucións e outro fora, contando cos movementos sociais. Para un eficaz e eficiente traballo dentro das institucións, é preciso acomodar determinados aspectos organizativos á lóxica e ós prazos legalmente establecidos.

PARA O DEBATE DOS REGULAMENTOS DAS ASEMBLEAS

CONTIDAS NOS ANEXOS

164. Linhas 549-550. Engádega VIVA MEILAN SERRANO

Anova considera prioritaria a formación política e cultural da súa militancia, polo tanto fomentará xornadas formativas sobre diversas temáticas, procurando crear unha Área de Formación que tentará integrar a experiencia e material formativo dos diferentes movementos sociais. As xornadas de formación, idealmente, deberían estar repartidas pola xeografía do país ou ter un carácter itinerante. A cuestión formativa fará parte das actividades das asembleas.

TRANSACIÓN. XA RECOLLIDO NOS GRUPOS DE TRABALLO E NA EMENDA 5, 6 E 10

170. VIVA TEO

Son emendas que ante a dubida de onde situalas no texto púxenlas aquí

Enmenda 1

Descrición: Que se substitúa en todos puntos do documento aquelas referencias que non concorden co seguinte:

- O Sistema de elección de Portavoz Nacional. Esta importante figura debe poder votarse directamente na Asemblea Nacional, xa que non existe ningún motivo para que a militancia reunida en asemblea non poida escoller a persoa que lles pareza mais capacitada para representarnos colectivamente. O sistema de democracia de Deputación Provincial favorece dinámicas vellas e obsoletas.

Texto: Sistema de elección de Portavoz Nacional. Esta importante figura debe poder votarse directamente na Asemblea Nacional, con un sistema de elección que garante a presentación de quen se considere capacitado. Establecerase a previa proclación de candidatos.

NON SE ACEITA, VAI CONTRA A COLEXIALIDADE